



C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

ACTA NÚMERO 1 BIS

PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA CUBRIR A PRAZA DE XEFE/A DA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE A CAMPAÑA DO ANO 2023

LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

As 14:00 h do venres, 28 de xullo de 2023 reúnen-se as seguintes persoas integrantes do tribunal de selección de persoal laboral temporal para a contratación de 1 xefe/a da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Abegondo na campaña do ano 2023:

Presidente:

Titular: José Manuel Rodríguez Costa

Vogal 1:

Titular: M^a del Mar Carro López

Vogal 2:

Titular: M^a Carmen Iglesias Iglesias

Secretario:

Titular: José Antonio Varela Doval

Conforme as bases de selección aprobadas por medio do decreto da alcaldía número 363/2023 do 19/07/2023 (expte TEDEC: 2023/ E001/000003- 2023/G003/0000409), o tribunal admitiu inicialmente a todos/as aqueles/as candidatos/as que presentaron os requisitos mínimos.

A lista de aspirantes inicialmente admitidos/as e excluídos é a seguinte:

Praza de xefe/a de brigada (número de postos:1)

Persoas aspirantes admitidas e excluídas:

Nº rexistro	Nome	Admitidos	Excluídos
R.E 202300000002484	García Paredes, Mario	Si	---
R.E 202399900000897	Pedreira Iglesias, Juan Carlos	---	Si ⁽¹⁾

(1) O aspirante Juan Carlos Pedreira Iglesias non presenta a documentación acreditativa de posuír a **titulación mínima necesaria** para poder participar no proceso de selección para a praza de xefe/a da brigada. A antedita titulación deberá ser algunha das recollidas no apartado A) das bases para a praza e que concretamente será, tal e como tamén se indica na cláusula oitava do Convenio asinado polo Concello de Abegondo coa Consellería do Medio Rural o día 25/05/2023, a de "enxeñeiro/a de montes, enxeñeiro/a técnico/a forestal, técnico/a superior en xestión forestal e do medio natural, técnico/a en aproveitamento e conservación do medio natural, técnico en emerxencias e protección civil ou formación profesional equivalente. Ademais estará en posesión do permiso de conducir do tipo B."

De acordo co previsto no punto núm. 9 das bases de selección aprobadas por medio do decreto da alcaldía número 363/2023 do 19/07/2023 (expte TEDEC: 2023/ E001/000003- 2023/G003/0000409), o tribunal, antes da realización da/s proba/s ou exercicio/s práctico/s, decidiu habilitar un período extraordinario para poder emendar documentación relativa aos requisitos mínimos, o cal debería realizarse do xeito indicado no punto núm. 8 das bases, ata as 13:00 h do día 28 de xullo de 2023.

Rematado ese prazo, sen que se teña presentado ningunha emenda, o tribunal eleva a definitiva a lista inicial de persoas aspirantes admitidas e excluídas, quedando deste xeito

Persoas aspirantes definitivamente admitidas e excluídas:

Nº rexistro	Nome	Admitidos	Excluídos
R.E 202300000002484	García Paredes, Mario	Si	---
R.E 202399900000897	Pedreira Iglesias, Juan Carlos	---	Si ⁽¹⁾



C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

Convócase á persoa candidata admitida para realizar a/s **proba/s práctica/s eliminatória/s**, conforme se indica a continuación:

PROBA PRÁCTICA 1 ⁽¹⁾

Praza: xefe/a de brigada (1 praza)

Lugar: Exterior edificio de Protección Civil; lugar de O Monte- Mabegondo

Día: Luns, 31 de xullo de 2023

Hora: 10:00 h.

(1) Posibilitará valorar o coñecemento e a destreza necesarias para o manexo da ferramenta, maquinaria ou medios que se utilizarán no posto de traballo a desenvolver.

PROBA PRÁCTICA 2 ⁽²⁾

Praza: xefe/a de brigada (1 praza)

Lugar: Casa do Concello de Abegondo

Día: Luns, 31 de xullo de 2023

Hora: 13:00 h.

(2) No caso concreto da praza de xefe/a de brigada, a persoa candidata, no caso de superar a proba práctica 1 deberán realizar ademais unha proba específica eliminatória que posibilitará valorar os coñecementos específicos na materia e consistirá nun **test de avaliación** cun total de 20 preguntas (ver apartado E.2) das bases).

En proba de todo, estendo a presente acta e como secretario dou fe.

Abegondo, 28 de xullo de 2023.

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

En proba de todo, estendo a presente acta e como secretario dou fe.

Abegondo, 27 de xullo de 2023.

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.